

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 4/2021, DO 6 DE ABRIL, POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE CENTRALIZACIÓN DOS PEDIDOS DE OBRAS E DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E DE REPARACIÓN NA UNIDADE DE SERVIZOS XERAIS

Motivación:

Os contratos menores relacionados con obras e con servizos de mantemento e de reparación precisan dunha supervisión técnica, tanto na fase de elaboración dos pedidos, coma na supervisión da súa execución.

A xestión centralizada de todo o proceso permitirá maior eficacia e coordinación entre a parte técnica e de xestión, cunha comunicación máis fluída, unha mellor organización da información técnica e o establecemento dun criterio homoxéneo no proceso de solicitude de orzamentos.

Artigo 1. Ámbito de aplicación

A presente instrución aplicarase ás propostas de subministracións de instalacións, realización de obras e de servizos de reparación e mantemento, así como tamén aos correctivos que se correspondan cos contratos de mantemento nos diferentes centros da Universidade de Vigo

Artigo 2. Tramitación

Para este procedemento os administradores/as e as persoas responsables do gasto deben enviarlles os albarás (por un importe máximo de 400 € + IVE) e os orzamentos correspondentes aos correctivos dos contratos de mantemento, así como os orzamentos das obras que se queiran acometer á Unidade de Servizos Xerais (servizosxerais@uvigo.gal), será decisión das correspondentes unidades tramitadoras a proposición do gasto, tal e como se viña facendo ata o de agora.

A función da Unidade de Servizos Xerais consistirá na xestión da parte administrativa da realización da obra ou do correctivo de mantemento en coordinación co Departamento Técnico de Obras que supervisará a parte técnica.

Artigo 3. Procedemento

3.1. Servizos de mantemento e de reparación de obras por importe inferior a 9000 €.

Os administradores/as e as persoas responsables do gasto poden tramitar directamente o orzamento, que deberá recoller o contido que figura no anexo I desta instrución, ou poden solicitarlle a valoración e o estudo dunha actuación á Unidade de Servizos Xerais, que lle enviará a petición á Unidade Técnica.

3.2. Servizos de mantemento e reparación e obras por importe superior a 9000 €.

A Unidade de Servizos Xerais, a petición dos administradores/as e das persoas responsables do gasto e en virtude do disposto na instrución da Xerencia do 31 de xaneiro de 2018 sobre procedemento de contratación menor, solicitaralle á Unidade Técnica unha proposta de contratación e un prego de prescricións técnicas para que as empresas convidadas, que figuran no listado de empresas posibles contratistas da Universidade de Vigo para a contratación menor, poidan presentar a súa oferta.

3.3. Nos pedidos de importe superior a 9000 €, así como nos de menor importe nos que se lle solicite asesoramento á Unidade Técnica, deberán contar co informe de fin de obra, documento imprescindible para conformar o pedido, emitido pola Unidade Técnica.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta instrución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Instrución 1/2021, de 4 de xaneiro, pola que se regula o procedemento de centralización dos pedidos de obras e de servizos de mantemento e de reparación na unidade de Servizos Xerais

DIRECTOR TÉCNICO DE OBRAS, INSTALACIÓNS E INFRAESTRUCTURAS
XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
XEFE DO SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
XEFA DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
ADMINISTRADORES/AS DOS ÁMBITOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
UNIDADE TÉCNICA CONTRATADA

ANEXO I

Condições para entregar orzamentos de obras e de instalacións na Universidade de Vigo

1.- Antecedentes

O presente anexo ten por obxecto establecer o contido mínimo dos orzamentos presentados polas empresas.

2.- Memoria

A empresa que presente un orzamento para a realización dunha obra, instalación ou mantemento correctivo deberá presentar unha memoria co seguinte contido e estrutura:

2.1. Necesidade que vai satisfacer

Descrición da actuación coa motivación da súa necesidade.

2.2. Localización da actuación.

Indicación do campus, edificio e local da actuación.

2.3. Planos

Todos os planos e os esquemas da actuación que sexan necesarios para a definición en detalle das obras. No caso de instalacións, achegarse o esquema correspondente actualizado.

2.4. Orzamento detallado

Coa desagregación de partidas de obra coa suficiente descrición desta para establecer de forma inequívoca o alcance da actuación, con medicións desagregadas e valoradas en prezos unitarios, nos diferentes capítulos que formen a valoración. Na descrición das partidas deben incluírse características técnicas e marcas/modelos dos materiais.

No caso de subministración e de instalación dalgún equipo relevante, debe achegarse a súa ficha técnica.

Cando corresponda, incluírse no orzamento a parte proporcional de certificación e conexión ás instalacións e aos sistemas de control actuais dos edificios obxecto de orzamento, así como a parte proporcional de actualización de planimetría e os esquemas en formato DWG baseándose no plano primitivo enviado pola Universidade de Vigo.

ANEXO II

PAUTAS XERAIS BÁSICAS PARA DISCERNIR CANDO SE DEBE CELEBRAR UN CONTRATO DE OBRAS, UN CONTRATO DE SERVIZOS OU UN CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS E OS CAPÍTULOS AOS QUE IMPUTAR OS CUSTOS DOS CONTRATOS DE OBRAS

I.- Pauta básica de diferenciación entre os contratos de obras e os contratos de servizos

- a) Son contratos de servizos aqueles cuio obxecto sexa a realización de actuacións tendentes a reducir ou prevenir o menoscabo dunha infraestrutura.
- b) Deberá celebrarse un contrato de obra cando o que prime sexa o resultado, é dicir, cando o contrato ten por obxecto a realización de traballos para enmendar un menoscabo producido.

II. Pauta de diferenciación básica entre os contratos de obras e os contratos de suministros

- a) Os contratos de obras afectan a bens de natureza inmovible, mentres que os suministros afectan a bens de natureza mobile.
- b) Bens inmovibles pola súa incorporación fixa e estable a unha realidade inmovible: celebraranse contratos de obra cando se contrate a realización de traballos que comporten como resultado a adherencia dun ben a un inmovible de forma fixa e estable, de modo que o ben instalado non poida separarse de aquel sen quebranto da materia ou sen que se produza deterioro do obxecto. O ben instalado pasa a ser parte integrante do ben inmovible.
- c) Bens mobiles: celebrase un contrato de subministracións cando se contrate a colocación dun ben mobile que non se incorpore ou adhira de forma fixa a un ben inmovible, de xeito que poida separarse de éste sen deterioro (ej: un quiosco ou unha vitrina para a venda de doces). A adherencia da construción debe ser integral para que se poida falar de ben inmovible, de modo que se é separable da terra, sen quebranto da materia ou deterioro do obxecto o ben deberá considerarse mobile.

III.- Identificación do contrato que deba celebrarse a partires da identificación da “prestación principal”

Cando a celebración dun contrato comporte a realización de varias prestacións propias de diversos tipos contractuais, para determinar o tipo de contrato que debe celebrarse debe analizarse cal é a prestación que ten máis relevancia.

Pódense plantexar distintos escenarios que haberá que tratar de forma casuística tendo en conta o seguinte:

a) No caso da compra dun ben moble que requira dunha instalación que se trate de traballos de instalación practicamente irrelevantes, non estaríamos ante un contrato mixto senón directamente ante un contrato de subministracións (p.e. substitución de aparato de aire acondicionado; substitución de algúns módulos dun ascensor, cambio de algunhas bombillas, etc).

b) No caso de que o relevante sexa a adquisición do ben moble pero o seu funcionamento requira a realización de traballos de instalación de certa envergadura, estaremos ante un **contrato mixto**, que deberá adxudicarse:

1. Consonte as normas do contrato de subministracións, se as obras poden considerarse secundarias (p.ej. substitución do césped artificial dun campo de fútbol, cambio dun ascensor con escasa obra, substitución de luminarias con necesidade dunha mínima instalación).
2. Consonte as normas do contrato de obra, no caso de que no contrato que deba celebrarse as actuacións máis relevantes sexan as relativas ás obras, normalmente por constituiren novas instalacións ou supoñer unha reforma importante. Neste caso estaríamos ante un contrato de obras que englobaría os suministros necesarios (p.e. construción inicial do campo de fútbol con césped artificial, instalación dun ascensor onde non o había previamente, proxecto de instalación de luminarias con cableado, etc).

P.E: Instalación de ascensores, iluminación, calefacción, etc: Se considerarán contratos de subministración de non executarse obra algunha, ou mixto obras/subministración, en caso contrario.

IV.- Imputación de gastos de contratos de obras a Capítulo II ou a Capítulo VI

a) Deben imputarse ao Cap. II os custos “*que non orixinen un aumento de capital ou do patrimonio público*”, e que en principio non teñan cabida nos proxectos definidos nos Anexos de inversións reais e programación plurianual e que non teñan a calificación de “gran reparación” ao non afectar á estrutura resistente da obra. Podería considerarse un gasto corrente de conservación ou reparación dun inmueble que pode ser, incluso, reiterativo dada a necesidade de levar a cabo periódicamente reparacións e mantementos nos edificios administrativos. Aplicando o principio de importancia relativa, imputaranse ao Cap. II os custos ligados a actuacións menores en relación co conxunto dun edificio ou das súas instalacións.

b) Deben imputarse ao Cap. VI os custos vencellados a proxectos definidos a tal efecto nos anexos de inversións reais que se unen aos Orzamentos.